



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión Tributaria

Materia	Xestión Tributaria			
Código	V08M104V01105			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Pita Grandal, Ana María			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Barreiro Carril, María Cruz Fernández López, Roberto Ignacio Muleiro Parada, Luís Miguel Pita Grandal, Ana María Ruiz Hidalgo, María del Carmen Siotá Álvarez, Mónica			
Correo-e	apita@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten como obxectivos a profundización nos conceptos e categorías propios do Dereito Tributario así como o estudo dos procedementos de aplicación dos tributos.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
A4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
A5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.
B2	Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.	A2
Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.	A5
Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.	A4
Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	B2
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	B3

Contidos

Tema	
I. O TRIBUTO.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elementos esenciais dos tributos. 2. Os métodos de determinación da base imponible. 3. Obrigacións tributarias formais. 4. A obrigación de realizar pagos a conta. 5. A obrigación de repercutir.
II. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Normas xerais sobre a aplicación dos tributos. 2. Os procedementos de xestión iniciados a instancias do contribuínte: declaración, autoliquidación e solicitude de devolucións. 3. O procedemento de verificación de datos. 4. O procedemento de comprobación limitada. 5. O procedemento de inspección. 6. O procedemento de recadación e a vía de apremio.
III. RÉXIME FISCAL DA EMPRESA	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. 2. O imposto sobre Sociedades. 3. Imposto sobre a Renda de non Residentes. 4. Imposto sobre o Valor Engadido. 5. Réxime tributario da empresa familiar.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	27	45	72
Estudo de casos/análises de situacións	12	24	36
Probas de tipo test	2	40	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, por parte do profesor, dos contidos da materia e dos aspectos de maior importancia para a xestión dunha empresa, así como das cuestións que deben de ser tidas en conta polo estudante, á vista dos conflitos xurídicos xurdidos entre os contribuíntes e a Administración tributaria.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. Entrevistas, conversacións e aclaracións de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades nas que se estrutura a materia e o proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. Entrevistas, conversacións e aclaracións de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades nas que se estrutura a materia e o proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no lantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo. De igual xeito, considerarase a realización de actividades de estudo ou análise de texto que se aconsellen como complemento das sesións maxistras.	25
Estudo de casos/análises de situacións	A o longo do período docente o alumno realizará exercicios prácticos relativos ós contidos da materia, representando un 25% da nota final.	25
Probas de tipo test	O alumno realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os seus coñecementos teóricos e prácticos da materia.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o curso 2014-2015.

1ª CONVOCATORIA (febreiro 2015):

Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 25%
- Exercicios prácticos: 25%
- Proba tipo test: 50%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xullo 2015):

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaránse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarán, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica.

VV.AA. (Coord. Cordón Ezquerro), *Manual del IRPF*, IEF, Madrid, 2013.

VV.AA., *Manual del Impuesto sobre Sociedades*, IEF, Madrid, 2013.

VV.AA., *Manual del IVA*, IEF, Madrid, 2013.

VV.AA., *Manual de Aplicación de los tributos*, IEF, Madrid, 2013.

VV.AA. (Dir. Pita Grandal), *Cuestiones tributarias de la empresa familiar*, Marcial Pons, Madrid, 2006.

Bibliografía complementaria.

- VV.AA.: *Memento práctico procedimientos tributarios*, Francis-Lefebvre, Madrid, últ. edic..

- VV.AA.: *Memento IRPF 2013*, Francis Lefebvre, Madrid, 2013.

- VV.AA.: *Memento Impuesto sobre Sociedades 2013*, Francis Lefebvre, Madrid, 2013.

- VV.AA.: *Memento IVA 2013*, Francis Lefebvre, Madrid, 2013.

Recomendacións